



O vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO, CSI-CSIF e FETE-UGT asinaron un Acordo sobre o acceso á Función Pública Docente en calidade de profesor interino ou substituto, no que o profesorado que realizou interinidades e substitucións ten prioridade para ser novamente nomeado sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles tivese ofertado.

Asináronse Addendas ao Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco o 30 de setembro de 2002, o 11 de xullo de 2006 e o 27 de abril de 2010, dando lugar á Resolución do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 93, do 19 de maio, pola que se dá publicidade ao texto refundido do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

Finalmente, a publicación da Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2010-2011 implicou que con data 26 de abril de 2011 asinarase pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais CC.OO. ANPE e CSI-CSIF unha nova Addenda ao Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco.

Neste ano 2013 entre en vigor o sistema de ingreso na función pública docente regulado polo Título III do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro. Resulta necesario ter en conta esta nova situación, polo que previa negociación na mesa sectorial docente non universitaria, modifícase os epígrafes 1 e 2 do punto segundo do Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, que se concretan na seguinte:

ADDENDA

Os epígrafes 1 e 2 do punto segundo do Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco queda redactado do seguinte xeito:

1. Profesorado que prestou servizos como interino ou substituto, pola mesma orde que elixiu no último curso, sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles ofertase ou se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto deste acordo.
2. Persoal participante nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que non estea incluído nas listas do persoal aspirante que superou o procedemento selectivo, sempre que posúan a titulación



que, para cada especialidade, determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e os demais requisitos esixidos para ingreso, en cada momento, no correspondente corpo.

Estarán exceptuados do requisito de titulación previsto no parágrafo anterior os que superen todos e cada un dos exercicios da fase de oposición.

Este colectivo ordenarase, para os efectos de prioridade na elección, por especialidades e dentro de cada especialidade por bloques, de acordo co número de probas superadas; dentro destes bloques, pola puntuación resultante da fase de oposición.

Para que o persoal participante nos procedementos selectivos pase a formar parte das listas de interinos e substitutos deberá acreditar o coñecemento da lingua galega no propio procedemento, a través da superación da proba ou por estaren exentos da súa realización.

Cando exista a mesma especialidade en máis dun corpo, excluído o corpo de mestres, e se convoque no mesmo ano concurso-oposición nos dous corpos, elaborárase unha lista única integrada polos opositores que non superaron os procedementos selectivos, intercalándose pola orde de puntuación, conforme o previsto no parágrafo anterior.

Disposición adicional cuarta.- O establecido no epígrafe 2 do punto segundo do presente acordo será de aplicación ás especialidades nas que se convoque procedemento selectivo de ingreso a partir do ano 2013, incluído este.